

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 29 DE NOVIEMBRE DE 2022

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D. Daniel Mallo Castro
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTEN:

D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D.^a Elisa Pestonit Barreiros

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día vinte e nove de novembro do ano dous mil vinte e dous, réunese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D. Daniel Mallo Castro, D.^a María Dolores Pan Lesta, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten á sesión a Sra. concelleira D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez e a Sra. Concelleira D.^a Elisa Pestonit Barreiros

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 22 DE NOVIEMBRE DE 2022

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 22 de novembro de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 22 de novembro de 2022.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Lei 4/2022, de 22 de novembro, presidencia da Xunta de Galicia, pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en aplicación do previsto no Real decreto lei 18/2022, de 18 de outubro. DOG núm. 223, do 23-11-2022.

- Orde de 17 de novembro de 2022, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se amplía o prazo de xustificación das subvencións convocadas ao abeiro da Orde de 28 de abril de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de recollida de residuos especiais de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2022 (código de procedemento MT975M). DOG núm. 223, do 23-11-2022.

- Anuncio da Intervención Xeral e Xestión Económica-Financeira. Servizo Fiscalización e Control Financeiro. Sección Control II da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto da aprobación do modelo único de bases xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña. BOP núm 224, de 25-11-2022.

- Resolución de 9 de novembro de 2022, da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se resolve a adxudicación para o ano 2022, en réxime de concorrencia competitiva, de equipos de emerxencia a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020. Figura o Concello de Cambre dentro da alínea 7. Desfibriladores externos. DOG núm. 225, do 25-11-2022.

- Escrito de dona Maria Jesús González Roel, concelleira do grupo municipal Popular, rexistrado de entrada co número 20220000004815, o día 25 de novembro de 2022, no que comunica a súa ausencia do termo municipal dos días 28 de novembro de 2022 ao 5 de decembro de 2022.

- Resolución do 18 de novembro de 2022, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que se modifica a Resolución de 23 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións para rehabilitar edificacións e vivendas de titularidade municipal con destino ao aluguer social (código de procedemento VI422F). DOG núm. 227, do 29-11-2022.

- Orde de 23 de novembro de 2022, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se amplía o prazo de xustificación das subvencións convocadas ao abeiro da Orde de 7 de xuño de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións destinadas ao fomento da prevención, reutilización e recollida en proximidade de residuos municipais, cofinanciadas polos fondos do Programa de economía circular e do Plan de impulso ao ambiente-PIMA residuos, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT975N). DOG núm. 227, do 29-11-2022.

3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

3.1. PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE DESERTO, POR FALTA DE LICITADORES, DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO, DA OBRA "MELLORA E REPARACIÓN DUN TRAMO DA RÚA LUÍS SEOANE, PARA TRÁFICO COMPARTIDO". EXPEDIENTE: 2022/C003/000016.

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de novembro de 2022 (CVD: 8K1aLwLJTALbverHF6t), relativa á “Declaración de deserto, por falta de licitadores, do expediente de contratación para adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado, da obra “Mellora e reparación dun tramo da Rúa Luís Seoane, para tráfico compartido”. Expediente: 2022/C003/000016”, que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 25 de outubro de 2022, aprobou a incoación do expediente de contratación núm. 2022/C003/000016, para adxudicación, por procedemento aberto simplificado (cun único criterio de adxudicación de apreciación automática, factor prezo), da obra " Mellora e reparación dun tramo da Rúa Luís Seoane, para tráfico compartido, cun valor estimado de 5.806,90 euros e un orzamento base de licitación de 6.387,59 euros IVE incluído.

Visto o anuncio de licitación do expediente foi publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde se atopa aloxado o Perfil de Contratante do Concello de Cambre, o día 27 de outubro de 2022, rematando o prazo para presentación de ofertas o día 14 de novembro de 2022.

Vista a acta da unidade técnica designada neste expediente respecto da sesión celebrada con data do 18.11.2022, na que se fai constar: *“según se deriva del documento “lista de licitadores” generado por la plataforma de contratación del sector público con fecha 18.11.2022, a las 12:17:37 horas (código seguro de verificación: LUF6H_AXAO3_PRQOF_13202), constan 0 licitadores para la contratación del expediente 2022/C003/000016, de “Mejora y reparación de un tramo de la Calle Luis Seoane, para tráfico compartido”*”.

Á vista do exposto, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar deserto, por falta de licitadores, o expediente de contratación núm. 2021/C003/000016, correspondente á obra *Mellora e reparación dun tramo da Rúa Luís Seoane, para tráfico compartido*, consonte ao establecido no artigo 150.3 in fine, e concordantes, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Segundo: Publicar o presente acordo de declaración de deserto na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde se atopa aloxado o Perfil de Contratante do Concello de Cambre, isto de conformidade co establecido no artigo 63.3.e) da LCSP.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 30 de xuño de 2022 (CVD: 8K1aLwLJTALbverHF6t), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.2. PROPOSTA DE DEVOLUCIÓN Á EMPRESA IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L. DA GARANTÍA DEFINITIVA PRESTADA MEDIANTE AVAL BANCARIO DEPOSITADO NA TESOURERÍA MUNICIPAL CON DATA 14.02.2017, NÚM. DE REXISTRO 722, POR IMPORTE DE 6.420,51 EUROS, PARA GARANTIR A EXECUCIÓN DA OBRA “REFORMA DE LOCAL COMERCIAL PARA USO DE OFICINAS MUNICIPAIS”, NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN NÚM. 2016/C003/000006.

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de novembro de 2022 (CVD: yF2KXtkLnSCbM6+zeaeV), relativa á “Proposta de devolución á empresa IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L. da garantía definitiva prestada mediante aval bancario depositado na Tesourería municipal con data 14.02.2017, núm. de rexistro 722, por importe de 6.420,51 euros, para garantir a execución da obra “Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais”, no expediente de contratación núm. 2016/C003/000006 , que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que con data 21.02.2017, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L. para a execución da obra “Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais”. Expediente 2016/C003/000006.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva prestada mediante aval bancario, depositado na Tesourería municipal, con data 14.02.2017, por importe de 6.420,51 euros, con núm. de rexistro 722, para garantir a execución do contrato.

Visto o informe emitido polo arquitecto, don José Ramón Díaz Barbeito, con data do 16.11.2022, (CVD: vHzszBYANCYi6WZHUxtn) que di:

“Con fecha 20/04/2021, número de registro 202199900002232, se presenta por IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS S.L., solicitud de devolución del aval aportada para garantizar la ejecución de las obras de referencia; teniendo en cuenta lo establecido en el art. 111 del Ley 9/2017 de Contratos del Sector Público (LCSP), así como el plazo de garantía , que es de un año desde la recepción de las obras, se hace constar:

- 1. Con fecha 16/10/2019 se firmo Acta de Recepción de las obras de referencia.*
- 2. Visitada la obra no se han detectado defectos ni fallos atribuibles a la ejecución de los trabajos contratados*

A la vista de lo anterior, transcurrido el plazo de garantía establecido, y teniendo en cuenta el art. 111.2 de la mencionada LCSP, puede devolverse la garantía constituida en su día”.

Visto o informe de fiscalización JUA núm. 438/2022 (CVD: zD3PBIgT8ZTFPv4e71xx) emitido pola Intervención Municipal con data do 20.11.2022 no que se informa favorablemente a devolución da garantía.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 235 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Devolver á empresa IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L., con CIF.- B15448004 e con enderezo no lugar de Pereiro de Arriba, nº6-A, 15189 Culleredo, a garantía definitiva prestada mediante aval bancario depositado na Tesourería municipal con data 14.02.2017, núm. de rexistro 722, por importe de

6.420,51 euros, para garantir a execución da obra “Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais”, no expediente de contratación núm. 2016/C003/000006.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notifíquese o presente acordo aos departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de novembro de 2022 (CVD: yF2KXtkLnScbM6+zeaeV) , resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 18 ao 24 de novembro do 2022, que comezan coa Resolución da Alcaldía núm. 1989/2022 e rematan coa resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos núm. 2070/2022, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1989/2022	18-11-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 22 de novembro de 2022
1990/2022	18-11-2022	Declaración de caducidade do expediente de disciplina urbanística nº 2015/X000/020827 por transcurso do prazo para resolvelo e inocación de expediente nº 2022/I002/000021, de reposición da legalidade a J.C.R. e L.A.V. co obxecto de determinar a compatibilidade co ordenamento das obras levadas a cabo nunha caseta sita en San Bartolomé, Pravio, concedendo un prazo de 15 días para alegacións e xustificacións
1991/2022	18-11-2022	Declaración de caducidade do expediente de disciplina urbanística nº 07/93/01, incoado a Fondesvalle, S.L., por construción de nave



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		industrial na rúa Bell sen adaptarse ao contido da licenza núm. 01/06/01, sen que se poida iniciar novo expediente pola realización das obras denunciadas ao ter caducado a acción para a reposición da legalidade e ter prescrito a infracción, polo que se ordena o arquivo das actuacións practicadas
1992/2022	18-11-2022	Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística a P.G.C. e S.C.C., pola existencia de diversas construcións, sen título habilitante, na parcela sita en Lendoiro, Cecebre
1993/2022	18-11-2022	Expediente de orde de execución 2022/1004/000113, incoado a Dans Rodríguez y Cía, S.L. pola existencia de tubaxe con vertido de augas pluviais que afectan as parcelas lindeiras en Camiño da Carreira, Sigrás. Orde de suspensión e concesión de prazo de audiencia
1994/2022	18-11-2022	Incoación de expediente de disciplina urbanística 2022/1002/56 a J.C.R. e F.F.H., propietarios dun local sito en Travesía Igrexa, O Temple, polo exercicio dunha acitivade de almacén de diversos materiais, entre os que se atopan algúns perigosos, sen título habilitante.
1995/2022	18-11-2022	Execución do aval outorgado pola entidade CAIXA GALICIA, inscrito no Rexistro Especial de Avais co nº 130.594, e prestado a M.L.M.G., en garantía da correcta execución das obras de urbanización a realizar no ámbito físico afectado polo convenio urbanístico suscrito entre o Concello de Cambre e D. Ramón Suárez-Pumariega Molezún o 20 de xaneiro de 1993, sito no lugar do Piñeiro, parroquia de Brexo.
1996/2022	18-11-2022	Execución do aval outorgado pola entidade CAIXA GALICIA, inscrito no Rexistro Especial de Avais co nº 560-0708-000020/3, e prestado a E.J.M.F. e M.E.S.P.R., en garantía da correcta execución das obras de urbanización a realizar no ámbito físico afectado polo convenio urbanístico suscrito entre o Concello de Cambre e D. Ramón Suárez-Pumariega Molezún o 20 de xaneiro de 1993, sito no lugar do Piñeiro, parroquia de Brexo.
1997/2022	18-11-2022	Execución do aval outorgado pola entidade BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A, inscrito no Rexistro Especial de Avais co nº 196747, e prestado a J.M.B., en garantía da correcta execución das obras de urbanización a realizar no ámbito físico afectado polo convenio urbanístico suscrito entre o Concello de Cambre e D. Ramón Suárez-Pumariega Molezún o 20 de xaneiro de 1993, sito no lugar do Piñeiro, parroquia de Brexo.
1998/2022	18-11-2022	Delegación na concelleira dona María Dolores Pan Lesta para que reciba o consentimento do matrimonio civil de A.V.M.U. e E.R.S.C., o día 19 de novembro de 2022, ás 10:00 horas.
1999/2022	18-11-2022	Adxudicación de contrato menor á empresa PRESENZA Sistemas Tecnolóxicos SL., por un importe máximo de 2.275,00 euros sen IVE, e 2.752,75 euros con IVE incluído, cuxo obxecto é a adquisición do equipamento para o control biométrico de accesos. Cursos Plan Formativo para o Emprego da Xunta de Galicia. (AFD)
2000/2022	18-11-2022	Expediente de incorporación de remanentes do exercicio 2021 número 32/2022, por importe de 34.371,69 euros, financiada na súa totalidade con remanente de tesourería para gastos xerais



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2001/2022	18-11-2022	Autorización de acceso ao expediente solicitado por M.J.G.H., en escritos presentados en datas 16-11-2022 (nº rexistro 202299900006363) e 17/11/2022 (nº rexistro 202299900006397) .
2002/2022	21-11-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
2003/2022	21-11-2022	Expedientes sancionadors de tráfico
2004/2022	21-11-2022	Conceder a axuda emerxencia social a L.C.C. para lentes correctoras por importe de 179 euros
2005/2022	21-11-2022	Conceder a axuda emerxencia social aluguer E.H.T.T. por importe de 300 euros
2006/2022	21-11-2022	Conceder a axuda emerxencia social alugueiro a L.P.F. outubro e novembro por importe de 367,20 euros cada mes
2007/2022	21-11-2022	Aprobar a autoliquidación mediante o modelo 583 correspondente a liquidación do Imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica do ano 2021 por un importe de 0,00 euros
2008/2022	21-11-2022	Aprobar a documentación xustificativa presentada pola Asociación O Temple Comercial, do cumprimento do obxecto básico da subvención para a execución dos proxectos aprobados para o desenvolvemento das accións previstas, ascendendo o importe dos gastos subvencionables a dez mil oitenta e seis euros e nove céntimos (10.086,09 €), en virtude do disposto na base 7ª da convocatoria. Establecer o importe da subvención a percibir pola Asociación O Temple Comercial con cargo á convocatoria en nove mil setenta e sete euros e corenta e oito céntimos (9.077,48 €). Recoñecer e liquidar obrigas a prol da Asociación O temple Comercial por importe 9.077,48 €, en concepto de pagamento da subvención concedida para a execución dos proxectos Reactiva o teu barrio
2009/2022	21-11-2022	Aprobar a documentación xustificativa presentada pola Asociación de Empresarios do Polígono Industrial do Espírito Santo, do cumprimento do obxecto básico da subvención para a execución dos proxectos aprobados para o desenvolvemento das accións previstas, ascendendo o importe dos gastos subvencionables 20.509,50 €. Establecer o importe da subvención a percibir pola Asociación de Empresarios do Polígono Industrial do Espírito Santo 17.745,25 €. Recoñecer e liquidar obrigas a prol da Asociación de Empresarios do Polígono Industrial do Espírito Santo, con CIF G-15998370 por importe 17.745,25 € en concepto de pagamento da subvención concedida para a execución dos proxectos de Directorio
2010/2022	21-11-2022	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal de data 24 de novembro de 2022
2011/2022	21-11-2022	Comunicar a MDAdelY, AMAdelY, IAdelY, CAdelY e MAAdelY que o proxecto de demolición presentado para a demolición da edificación sita en Seoane, parroquia de Anceis, obtivo a conformidade dos servizos técnicos municipais, dando cumprimento ao condicionante imposto pola resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 8 de novembro de 2021, debendo polo tanto proceder a demoler o inmovible declarado en ruína
2012/2022	21-11-2022	Estimar as alegacións presentadas. Arquivar o expediente número 2021/1002/000018 incoado a FJLP e MCSN, pola cubrición da



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		terraza, no patio de luces, sen axustarse ao autorizado na licenza de obra menor número 02/289/09 na planta primeira do edificio sito en Otero Pedraio, O Temple
2013/2022	21-11-2022	Arquivo do expediente de reposición da legalidade número 2022/I004/000027, incoado a JAEG e PLP para a corrección de vertidos de augas pluviais ao espazo público en Enxertos, Sigrás, ao terse corrixido os ditos vertidos
2014/2022	21-11-2022	Estimación das alegacións presentadas por A.S.C. no expediente de orde de execución 2021/I004/000008, incoado polo estado dos muros de peche dunha parcela que linda con camiño publico municipal 1C 10131. en Sobrecarreira, Sigrás, ao non quedar debidamente acreditado que fora da propiedade do alegante
2015/2022	21-11-2022	Arquivo do expediente de orde de execución núm. 2022/I004/000006 incoado a M.C.M.L. pola existencia de tuias formando un cerramento cunha altura superior aos 5 metros nunha finca sita en Muíño Vello, Anceis, ao quedar acreditado a eliminación das ditas tuias
2016/2022	21-11-2022	Estimación da alegación e arquivo do expediente de orde de execución núm. 2022/I004/000013, incoado a F.J.E.M. polo estado do peche dunha parcela sita en Sobrecarreira, Sigrás, lindeira co camiño publico municipal 1c1031, ao quedar acreditado que non existe perigo de derrubamento e que a consolidación do muro está realizada con pedras, terra e vexetación
2017/2022	22-11-2022	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade do día 25 de novembro de 2022
2018/2022	22-11-2022	Aprobar a concesión de subvencións en materia de servizos sociais
2019/2022	22-11-2022	Desestimar o recurso de alzada interposto por ACP, en representación da entidade mercantil APDTIC Profesionales, S.L., contra o acordo de exclusión, de data 10 de outubro de 2022, adoptado pola unidade técnica designada no expediente 2022/C004/000038 para a contratación do delegado de protección de datos do Concello de Cambre
2020/2022	22-11-2022	Recoñecer e liquidar obrigas por un importe total de dous mil cento cincuenta e seis euros (2.156,00 euros), en concepto de premios do Certame Literario Xoán Díaz – Cambre 2022
2021/2022	22-11-2022	Autorizar as ampliacións de posto aos vendedores ambulantes autorizados no recinto feiral do campo da feira de Cambre
2022/2022	23-11-2022	Conceder a bonificación solicitada do 50 por cento no imposto de construcións, instalacións e obras, a JDLM, para a instalación fotovoltaica na vivenda unifamiliar sita na rúa Socampo, Cambre, (comunicación previa exp. 2022/U026/000136), por cumprir os requisitos establecidos para ser beneficiario da mesma na ordenanza fiscal num. 4, reguladora do imposto sobre construccions, instalaciones e obras
2023/2022	23-11-2022	Conceder REOS a bonificación do 42,85 por cento no imposto de construcións, instalacións e obras, para a instalación fotovoltaica de autoconsumo para a vivenda unifamiliar sita no lugar de Fraís, Cecebre (Cambre), instalándose os paneis solares na edificación

		auxiliar existente na finca, por cumprir os requisitos establecidos para ser beneficiario da mesma na ordenanza fiscal num. 4, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras
2024/2022	23-11-2022	Conceder a bonificación solicitada do 50 por cento no imposto de construcións, instalacións e obras, a GFA, para a instalación fotovoltaica na vivenda unifamiliar sita na rúa Picota, Cambre, (comunicación previa exp 2022/U026/000005), por cumprir os requisitos establecidos para ser beneficiario da mesma na ordenanza fiscal num. 4, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras
2025/2022	23-11-2022	Aprobación de facturas e gastos, e recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe total de 81.238,77 euros
2026/2022	23-11-2022	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a M.C.B.C.
2027/2022	23-11-2022	A edificación sita en Toural, parroquia de Cambre, cuxa declaración de obra nova foi inscrita no Rexistro da Propiedade nº 5 da Coruña a favor de dona MMAFC e JML, atópase incursa no réxime previsto no artigo 90-2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia de edificacións que non son plenamente compatibles coas determinacións do planeamento urbanístico pero non están incursas na situación de fora de ordenación, de conformidade co artigo 377-2 do Regulamento de dita lei, polo que só se poderán autorizar nela obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, así como as obras e cambios de uso que se axusten á ordenanza que resulte de aplicación
2028/2022	23-11-2022	A edificación sita na rúa O Caneiro, parroquia de Santa María de Cambre, cuxa declaración de obra nova foi inscrita no Rexistro da Propiedade nº 5 da Coruña a favor de JMLV, atópase incursa no réxime previsto no artigo 90-2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia de edificacións que non son plenamente compatibles coas determinacións do planeamento urbanístico pero non están incursas na situación de fóra de ordenación, de conformidade co artigo 377-2 do Regulamento de dita lei, polo que só se poderán autorizar nela obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, así como as obras e cambios de uso que se axusten á ordenanza que resulte de aplicación
2029/2022	23-11-2022	A edificación sita na rúa A Castellana, , Cambre, cuxa declaración de obra nova foi inscrita no Rexistro da Propiedade nº 5 da Coruña a favor de EBM, atópase incursa no réxime previsto no artigo 90-2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia de edificacións que non son plenamente compatibles coas determinacións do planeamento urbanístico pero non están incursas na situación de fóra de ordenación, de conformidade co artigo 377-2 do Regulamento de dita lei, polo que só se poderán autorizar nela obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, así como as obras e cambios de uso que se axusten á ordenanza que resulte de aplicación
2030/2022	23-11-2022	Iniciar expediente de orde de execución a JAGD para que proceda á eliminación dos vertidos consistentes en materiais diversos nun



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		camiño de titularidade privada, lindante coa parcela sita en Sobrecarreira, Sigrás. Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística
2031/2022	23-11-2022	Solicitude acceso a expediente de contratación presentada en data 26/08/2022 , (entrada núm. rexistro 202299900004650)
2032/2022	23-11-2022	Suspender inmediatamente os actos que están a realizar CRM e herdeiros AMP consistentes na modificación do alpendre existente e a construción dunha grella con cheminea, sen título habilitante, de acordo co artigo 156.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
2033/2022	23-11-2022	Desestimar o recurso de reposición interposto por JMF, en representación MI, S.L., por canto que os feitos denunciados foron constatados persoalmente pola Policía Local, sen que o interesado aportase proba algunha en contrario e sen que alegara tal circunstancia no trámite de audiencia, de acordo co disposto polos artigos 77.5, 115.2 e 118.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, mantendo polo tanto as sancións impostas
2034/2022	23-11-2022	Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas, cunha periodicidade mínima mensual e por un importe, cada vez, de mil euros (1000,00 €), ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 10 de setembro de 2021, pola que se ordenou demoler a porción do peche realizado na parcela sita no lugar de Espiritu Santo, sen axustarse a comunicación previa presentada, ao non ser este legalizable, por estar situado fóra da distancia establecida polo organismo titular da estrada DP 1703, de acordo co disposto polo artigo 152.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro de 2016, do solo de Galicia
2035/2022	23-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a A.M.B.C. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
2036/2022	23-11-2022	Concesión axuda emerxencia social recibos luz a M.C.Z.L. por un importe de 93,30 e 111,04 euros
2037/2022	23-11-2022	Suspender inmediatamente os vertidos de augas pluviais que se están a realizar sen autorización na nave industrial sita no nº 36 da rúa Polígono, O Temple, producindo unha situación de risco e danos ao dominio público, de acordo co disposto nos artigos 40 e 41 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro de protección ambiental de Galicia. Iniciar expediente de orde de execución
2038/2022	23-11-2022	Concesión de renovación de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a L.P.I.
2039/2022	23-11-2022	Aprobación da nómina do mes de novembro de 2022
2040/2022	23-11-2022	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de outubro de 2022 e da produtividade do terceiro trimestre de 2022, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de novembro de 2022
2041/2022	23-11-2022	A edificación sita en Sigrás de Abaixo, , parroquia de Sigrás, cuxa declaración de obra nova foi inscrita no Rexistro da Propiedade nº 5



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		da Coruña a favor PGI, ten o carácter de tradicional de conformidade co artigo 40 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, polo que despois da obtención do título habilitante municipal e sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos aplicables, excepto o límite de altura, permitírase a súa reforma, rehabilitación e reconstrucción e a súa ampliación, mesmo en volume independente, sen que a ampliación poida superar o 50% do volume orixinario
2042/2022	23-11-2022	A edificación sita no lugar de Pena da Nosa Señora, , parroquia de Cambre, cuxa declaración de obra nova foi inscrita no Rexistro da Propiedade nº 5 da Coruña a favor de MCVS e JMEF, atópase incursa no réxime previsto no artigo 90-2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia de edificacións que non son plenamente compatibles coas determinacións do planeamento urbanístico pero non están incursas na situación de fóra de ordenación, de conformidade co artigo 377-2 do Regulamento de dita lei, polo que só se poderán autorizar nela obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, así como as obras e cambios de uso que se axusten á ordenanza que resulte de aplicación
2043/2022	23-11-2022	As edificacións sitas en O Souto, parroquia de Anceis, cuxa declaración de obra nova foi inscrita no Rexistro da Propiedade nº 5 da Coruña a favor de PAIC, atópanse incursas no réxime previsto no artigo 90-2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia de edificacións que non son plenamente compatibles coas determinacións do planeamento urbanístico pero non están incursas na situación de fóra de ordenación, de conformidade co artigo 377-2 do Regulamento de dita lei, polo que só se poderán autorizar nelas obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, así como as obras e cambios de uso que se axusten á ordenanza que resulte de aplicación
2044/2022	23-11-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
2045/2022	23-11-2022	Denegación axuda emerxencia social alimentación a G.T. por esgotar o período máximo de concesión establecido na ordenanza
2046/2022	23-11-2022	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a A.F.F.
2047/2022	23-11-2022	Denegar a licenza solicitada por JVV, actuando en representación de AdelaFF para a legalización das obras denunciadas no expediente para a reposición da legalidade urbanística núm 2021/I002/49, por canto que a documentación presentada para a legalización das obras realizadas non xustifica que as mesmas cumpran á normativa de aplicación, cometendo os mesmos erros substanciais tanto nas memorias como nos planos da documentación aportada nos expedientes 2020/U022/000041 e 2022/U022/00029, que se dan aquí por reproducidos. Declarar a caducidade do expediente nº 2021/I002/000049. Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística

2048/2022	23-11-2022	A edificación sita no lugar de Carballás, parroquia de Pravio, cuxa declaración de obra nova foi inscrita no Rexistro da Propiedade nº 5 da Coruña a favor de JFM, atópase incursa no réxime previsto no artigo 90-2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia de edificacións que non son plenamente compatibles coas determinacións do planeamento urbanístico pero non están incursas na situación de fóra de ordenación, de conformidade co artigo 377-2 do Regulamento de dita lei, polo que só se poderán autorizar nela obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, así como as obras e cambios de uso que se axusten á ordenanza que resulte de aplicación
2049/2022	23-11-2022	A edificación sita no lugar de A Pena, parroquia de Sigrás, cuxa declaración de obra nova foi inscrita no Rexistro da Propiedade nº 5 da Coruña a favor de JMC e MDGL atópase incursa no réxime previsto no artigo 90-2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia de edificacións que non son plenamente compatibles coas determinacións do planeamento urbanístico pero non están incursas na situación de fóra de ordenación, de conformidade co artigo 377-2 do Regulamento de dita lei, polo que só se poderán autorizar nela obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, así como as obras e cambios de uso que se axusten á ordenanza que resulte de aplicación
2050/2022	23-11-2022	As edificacións sitas en Volteiro, parroquia de Cecebre, cuxa declaración de obra nova foi inscrita no Rexistro da Propiedade nº 5 da Coruña a favor de JMM teñen o carácter de tradicional de conformidade co artigo 40 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, polo que despois da obtención do título habilitante municipal e sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos aplicables, excepto o límite de altura, permitirase a súa reforma, rehabilitación e reconstrución e a súa ampliación, mesmo en volume independente, sen que a ampliación poida superar o 50% do volume orixinario da edificación tradicional
2051/2022	23-11-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
2052/2022	23-11-2022	A edificación sita na rúa Corgo, , parroquia de Brexo, cuxa declaración de obra nova foi inscrita no Rexistro da Propiedade nº 5 da Coruña a favor de dona AMVP e JMBS, atópase incursa no réxime previsto no artigo 90-2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia de edificacións que non son plenamente compatibles coas determinacións do planeamento urbanístico pero non están incursas na situación de fóra de ordenación, de conformidade co artigo 377-2 do Regulamento de dita lei, polo que só se poderán autorizar nela obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, así como as obras e cambios de uso que se axusten á ordenanza que resulte de aplicación

2053/2022	23-11-2022	A edificación sita en Toural, parroquia de Santa María de Cambre, cuxa declaración de obra nova foi inscrita no Rexistro da Propiedade nº 5 da Coruña a favor de MMAFC ten o carácter de tradicional de conformidade co artigo 40 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, polo que despois da obtención do título habilitante municipal e sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos aplicables, excepto o límite de altura, permitirase a súa reforma, rehabilitación e reconstrucción e a súa ampliación, mesmo en volume independente, sen que a ampliación poida superar o 50% do volume orixinario da edificación tradicional
2054/2022	23-11-2022	As edificacións sitas no lugar de Pastel, parroquia de Pravio, cuxa declaración de obra nova foi inscrita no Rexistro da Propiedade nº 5 da Coruña a favor de PPMR, MdelPMR e JJMR, atópanse incursas no réxime previsto no artigo 90-2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia de edificacións que non son plenamente compatibles coas determinacións do planeamento urbanístico pero non están incursas na situación de fóra de ordenación, de conformidade co artigo 377-2 do Regulamento de dita lei, polo que só se poderán autorizar nela obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, así como as obras e cambios de uso que se axusten á ordenanza que resulte de aplicación
2055/2022	23-11-2022	A edificación sita en Carballás, parroquia de Pravio, cuxa declaración de obra nova foi inscrita no Rexistro da Propiedade nº 5 da Coruña a favor de DFM, atópase incursa no réxime previsto no artigo 90-2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia de edificacións que non son plenamente compatibles coas determinacións do planeamento urbanístico pero non están incursas na situación de fóra de ordenación, de conformidade co artigo 377-2 do Regulamento de dita lei, polo que só se poderán autorizar nela obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, así como as obras e cambios de uso que se axusten á ordenanza que resulte de aplicación
2056/2022	23-11-2022	As edificacións sitas no lugar de Concheiras, parroquia de Anceis, cuxa declaración de obra nova foi inscrita no Rexistro da Propiedade nº 5 da Coruña a favor de EOL, atópase incursa no réxime previsto no artigo 90-2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia de edificacións que non son plenamente compatibles coas determinacións do planeamento urbanístico pero non están incursas na situación de fóra de ordenación, de conformidade co artigo 377-2 do Regulamento de dita lei, polo que só se poderán autorizar nela obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, así como as obras e cambios de uso que se axusten á ordenanza que resulte de aplicación
2057/2022	23-11-2022	Aprobación de despesas e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe de 66.094,58 euros



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2058/2022	24-11-2022	Desestimación das alegacións presentadas por N.V.R. no expediente de disciplina urbanística nº 2022/I002/000054, incoado pola existencia dunha actividade de máquinas de vending sen título habilitante e a realización de obras sen adaptarse á comunicación previa presentada en local sito na rúa Pablo Manzano. Requerimento de presentación de nova comunicación previa
2059/2022	24-11-2022	Concesión de licenza de edificación para construción de vivenda unifamiliar en Quintán, Cecebre. Promotor: J.M.R.R.
2060/2022	24-11-2022	Concesión de licenza a OTI, S.L., para cambio de uso e adecuación de local comercial a dúas vivendas, no edificio sito na rúa Luis Pimentel, O Temple (Local 2)
2061/2022	24-11-2022	Concesión de licenza a OTI, S.L., para cambio de uso e adecuación de local comercial a dúas vivendas, no edificio sito na rúa Luis Pimentel, O Temple (Local 1)
2062/2022	24-11-2022	Desestimación das alegacións presentadas por M.A.S.A. no expediente de reposición da legalidade urbanística pola realización de actos nunha finca sita en Apartada, Meixigo, consistentes no revestimento da fachada da edificación. Traslado das actuacións practicadas á Axencia para a Protección da Legalidade Urbanística
2063/2022	24-11-2022	Denegación de axuda de emerxencia social para alimentación e para recibo de auga a G.M.M.O. porque a unidade de convivencia supera o límite máximo de ingresos establecidos
2064/2022	24-11-2022	Conceder licenza a NG, S.L. para o cambio de uso e adecuación do local comercial do edificio sito na Praza Fernando Buesa, núm. 1. O Temple, con licenza de obras nº 01/21/2000 concedida o 05 de abril de 2000, a dúas vivendas
2065/2022	24-11-2022	Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística e concesión de prazo de audiencia a M.L.V., pola realización de actos na parcela sita en Castrillón, Pravio, consistentes na reforma da edificación existente, a construción do peche do perímetro da parcela, a existencia dunha caravana, a de dúas casetas prefabricadas sen gardar o recuamento ao lindeiro, todo isto sen título habilitante
2066/2022	24-11-2022	A edificación sita no lugar de Formigueiro, parroquia de Brexo, cuxa declaración de obra nova foi inscrita no Rexistro da Propiedade nº 5 da Coruña a favor de LSM e MLCM ten o carácter de tradicional de conformidade co artigo 40 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, polo que despois da obtención do título habilitante municipal e sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos aplicables, excepto o límite de altura, permitírase a súa reforma, rehabilitación e reconstrución e a súa ampliación, mesmo en volume independente, sen que a ampliación poida superar o 50% do volume orixinario da edificación tradicional
2067/2022	24-11-2022	Advertido un erro no punto primeiro dos antecedentes de feito da resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras número 1582/2022 de data 13 de setembro de 2022 (expediente núm. 2022/I002/66) procédese á súa corrección de conformidade co artigo 109-2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, de tal maneira que onde di "... requiríuse a Hermesindo Meijomil Fariña para que

		presente ...” , debe dicir “... requiriuse a Lara Torea Ramil para que presente...
2068/2022	24-11-2022	Autorización apertura urna perimetral número 168 letra B, no cemiterio municipal de Cambre, para exhumar o cadáver de dona M.J.I.R e trasladalo ao cemiterio do Piñeiro en Ordes
2069/2022	24-11-2022	Aprobar a realización da “Campaña de Nadal 2022” dirixida a 111 menores pertencentes ás familias que se atopan en situación vulnerable e/ou risco de exclusión social
2070/2022	24-11-2022	Cesar ao funcionario de carreira, axente de protección civil, MRS

5º.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai ningún rogo e ningunha pregunta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e seis minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo